



FERVENZAS DO SALAS

Adela Leiro, Mon Daporta

Unha ruta pola cunca do río Salas, no entorno do Parque Natural e LIC "Baixa Limia-Serra do Xurés". Para ocupar un par de días facendo pequenas camiñadas e gozando das espectaculares vistas da serra e dos fermosos recunchos dos ríos.



1-Rego da Portela

Distancia: 1.200 m (a pé)




Dificultade: media


Duración: 1 hora

O rego da Portela, é un afluente do Salas que cae nun desnivel de máis de 60 m de altura, nunha zona difícil de ver pola vexetación.

COMO CHEGAR: sóbese desde Requiás pola ruta que vai a Portela de Pitoes. No primeiro desvío de terra que se atopa a man dereita déixase o coche e, xusto en fronte del, á esquerda, baixa um camiño bastante abandoado que hai que seguir, sempre polo de arriba, ata chegar a uns muíños. Logo séguese a levada deses muíños, chégase a outros moi estragados, e pasando por enriba deles chégase á parte baixa da fervenza.

A parte media e a alta vense continuando a estrada, un pouco mais arriba, preferiblemente no inverno.






2-A Fecha. Xermeade

Distancia: 1 km (ida e volta)

Dificultade: media

Duración: 30 minutos

Un pequeno salto no río Salas cunha enorme poza a carón duns muíños (muíño de Lobeira).
COMO CHEGAR: baixando de Xermeade ao río, despois de cruzar a ponte, dun alarguiño á esquerda do camiño sae un carreiro que remontando o curso do río baixa a un muíño e logo sobe a un outeiro para baixar de súpeto ao río xusto ao pé do pozo da Fecha. Desde o muíño tamén se pode chegar pola beira do río.



3-Fecha Carneira

Distancia: 5 km (ida e volta) desde Xermeade

3 km (ida e volta) desde a ponte vella de Prado

Dificultade: baixa


Duración: 2 horas


O rego de Salgueiros é un afluente do Salas que preto da súa desembocadura cae por uns penedos graníticos cun gran desnivel formando varias fervenzas.

COMO CHEGAR: desde Xermeade báixase ao río Salas, crúzase e séguese a pista que sobe a Salgueiros. Un pouco mais adiante cóllese á dereita o desvío a Prado (ten no arranque unha baliza de sendeiro certo). Séguese esta pista ata vadear o río Salgueiros e xusto depois sae á dereita un carreiro balizado que pasa preto fervenzas.

Desde Prado crúzase a ponte do río Salas pola estrada asfaltada e desvíámonos á esquerda por unha pista que vai ata a ponte vella. Remontando o río Salas polo sendeiro da ruta Clamadoira-Salgueiros podemos chegar ás fervenzas.

A ruta Clamadoira-Salgueiros é de acceso restrinxido polo que é necesario solicitar permiso nas oficinas do Parque Natural.





4-Fecha da Balsa

Un salto no Salas na fronteira entre Muíños e Lobios (Cela), nunha zona de difícil acceso onde o río empeza a encaixarse.

COMO CHEGAR: na estrada de Muíños a Cela, no km 14 nunha recta en subida hai á dereita unha pedra piramidal e xusto debaixo dela está a ferverza. Pode verse desde os penedos, pero chegar abaixo sería moi complicado.

Pódese facer unha ruta desde A Cela ou do Mirador de San Rosendo ata o pontón do camiño que vai a Ganceiros. Ten boas viasta sobre o canón do río e outras pequenas fervenzas.



O Salas en Cela



Fecha da Balsa

5-Pozo Negro, Pozo da Seima

Distancia: 3 km (ida e volta)

Dificultade: alta

Duración: 1 hora e 30 minutos.

Unha fermosa ferverza de 15 m de alto cun amplio fronte que cae nun enorme e profundo pozo.

COMO CHEGAR: seguindo pola mesma estrada éntrase en Cela e deixase o coche. Cúzase o pobo seguindo sempre os camiños da dereita. Nas últimas casas, cando o camiño de cemento empeza a subir, sae pola esquerda un camiño moi abandoadoo que hai que seguir durante uns 200 m. Logo, pola esquerda deste sae outro, pouco evidente, pero sinalado cunha baliza de camiño errado. É o que hai que seguir. Ao comezo vai empedrado e descende bruscamente. Logo convértese en carreiro e avanza por unha carballeira para precipitarse nos últimos 150 m ata a beira do Pozo Negro.




Pozo Negro

Pozo do Cubo

Máis adiante, na parroquia de San Martiño de Araúxo (Lobios) atópase outra ferverza nunha zona de difícil acceso.

COMO CHEGAR: nas últimas casas da Vila, antes de chegar ao indicativo dos restos do Castelo de Araúxo hai que coller un cruce no medio da aldea cara á dereita por uns camiños moi abandoados e con dificultade pódese ver a ferverza desde o alto ou tentar achegarse baixando ao río e seguindo o cauce.




6-As Olas. Río Mao

Distancia: 3 km (ida e volta)


Dificultade: media

Duración: 2 horas



O Mao é un afluente do Salas que baixa do alto do Xurés (Coto das Gralleiras) e forma un fermoso canón con varias pozas e saltos.

COMO CHEGAR: cóllese a estrada de Lobios á Cela e, un pouco despois de pasar Puxedo pasamos unha ponte. Cincuenta metros despois deixamos o coche e seguimos un camiño á dereita. Cruzamos um regueiro e na bifurcación tomamos á dereita un camiño que remontando o río pola dereita leva ás fervenzas da parte alta. Para ver as fervenzas da parte baixa volvemos á bifurcación, seguimos o río e cruzámolo, logo, buscando un carreiro que o remonta pola esquerda chegamos a un punto no que se ven os tres saltos principais.




7-As Forcadiñas

Distancia: 500 m (ida e volta)

Dificultade: baixa

Duración: 30 minutos



Na parroquia de San Paio de Araúxo (Lobios). Na ponte das Forcadiñas no río Chao de Requeixo, un afluente do Cabaleiro que vai ao Salas.

A fervenza que se ve desde a ponte ten 7 ou 8 metros e labra as pedras de granito con curiosas formas para acabar nunha poza estreita e fonda. Río arriba e río abaixo, hai rápidos e fervenzas más pequenas.

COMO CHEGAR: seguindo pola mesma estrada, pasado Esperanzo, e un pouco antes de entrar en Prencibe, sae pola esquerda unha estrada que vai a Gustomeau e cruza o río. A primeira fervenza está mesmo na ponte. Para ver as de arriba hai que coller un carreiro que sobe pola parte esquerda do río e lévate a elas, primeiro pola beira do río e logo polas pedras (aproximadamente 150 m)

